

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 02/10/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE
ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
Lista de asistentes
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
SONIA OUTÓN CASAL
PAOLA MARIA MOCHALES
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

SECRETARIA
MARÍA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR
MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 02/10/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 25 de setembro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/3471

Dáse conta da seguinte Resolución do Sr. presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa de data 20 de setembro:

Visto o expediente presentado polo Sr. director Deportivo da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, relativo á aprobación do Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, tempada 2023-2024:

Programa ACTIVO MAIORMENTE

1.1 Ximnasia Funcional

2.- Programa VILAGARCIA EN FORMA

2.1.- Actividades de Movemento Intelixente e Corrección Postural

2.1.1.- Ioga

2.1.2.- Pilates

2.1.3.- Estiramientos e relaxación

2.2.- Actividades de Acondicionamento Físico Xeral

2.2.1.- Ximnasia de Mantemento

2.2.2.- Aeróbic

2.2.3.- Ximnasia Acuática

Asemade preséntase o orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 13.454,20 € desglosados da seguinte maneira:

CONCEPTOS	IMPORTE TOTAL	ANO 2023	ANO 2024
SEGUROS DEPORTIVOS	3.800,00	3.800,00	0,00
ACTIVIDADES DE XESTIÓN INDIRECTA	5.154,20	1.596,80	3.557,40
MATERIAL DEPORTIVO	1.000,00	1.000,00	0,00
SERVIZO LIMPEZA	3.000,00	1.000,00	2.000,00
IMPREVISTOS	500,00	500,00	0,00
TOTAL	13.454,20	7.896,80	5.557,40

Dáse conta do informe da Interventora Accidental relativo a fiscalización previa limitada dos gastos derivados do citado proxecto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes, resolvo:

1.- Aprobado con carácter urxente o Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, tempada 2023/24 no que se ofertan as actividades que a continuación se relacionan, así como aprobar a folla de inscrición para o 1º Curso nas citadas actividades:

1.- Programa ACTIVO MAIORMENTE

- 1.1 Ximnasia Funcional
- 2.- Programa VILAGARCIA EN FORMA
- 2.1.- Actividades de Movemento Intelixente e Corrección Postural
- 2.1.1.- Ioga
- 2.1.2.- Pilates
- 2.1.3.- Estiramientos e relaxación
- 2.2.- Actividades de Acondicionamento Físico Xeral
- 2.2.1.- Ximnasia de Mantemento
- 2.2.2.- Aeróbic
- 2.2.3.- Ximnasia Acuática
- 2.- Aprobar o orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 13.454,20 €, desglosados da seguinte maneira:

CONCEPTOS	IMPORTE TOTAL	ANO 2023	ANO 2024	PARTIDA
SEGUROS DEPORTIVOS	3.800,00	3.800,00	0,00	342.22400
ACTIVIDADES DE XESTIÓN INDIRECTA	5.154,20	1.596,80	3.557,40	342.22609
MATERIAL DEPORTIVO	1.000,00	1.000,00	0,00	342.229901
SERVIZO LIMPEZA	3.000,00	1.000,00	2.000,00	342.22700
IMPREVISTOS	500,00	500,00	0,00	
TOTAL	13.454,20	7.896,80	5.557,40	

- 3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición das Actividades Físico-Deportivas para Adultos: Ximnasia Funcional, Pilates e, Estiramientos e Relaxación por importe de 18,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: "FIXACIÓN DO PREZO", que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o prezo público de 18,00 € para as citadas actividades.

PRP2023/3472

Dáse conta de escrito presentado por D. Alberto Miguens Doval en representación do Motoclub SQeM no que solicita, para a celebración da 5ª PROBA DO CAMPIONATO GALEGO DE TRIAL, que se vai levar a cabo o vindeiro día 15 de outubro do presente ano, nas inmediacións de Perrón (Rubians) en horario de 9:45 a 14:30 horas, autorización de peche do tráfico das rúas que enlazan Rúa Souelo, Rúa Muiño Novo e Rúa Quinteiro, para o tránsito dos pilotos durante o desenvolvemento da proba. Asímesmo dáse conta do informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

O Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais da conta á Xunta de Goberno Local da solicitude de autorización de peche do tráfico das rúas que enlazan Rúa Souelo, Rúa Muiño Novo e Rúa Quinteiro, co motivo da celebración da 5ª PROBA DO CAMPIONATO GALEGO DE TRIAL, que se vai levar a cabo o vindeiro día 15 de outubro do presente ano, nas inmediacións de Perrón (Rubians) en horario de 9:45 a 14:30 horas, para o tránsito dos pilotos durante o desenvolvemento da proba, previo informe do Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, e deberá presentar antes da realización da proba, a autorización do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das correspondentes Comunidades de Montes.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o desenvolvemento da actividade o día 15 de outubro de 2023, debendo axustarse ás condicións fixadas pola Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Dar conta á Policía Local en relación co preche do tráfico das rúas polas que se desenvolve a actividade solicitada.

PRP2023/3474

Dáse conta de escrito do Club BTT Trotacumes no que solicita, para a celebración da I PROBA BTT, o vindeiro día 22 de outubro do presente ano, en horario de 8:00 a 14:00 horas, autorización do uso do Recinto de Fexdega, para a saída e chegada, os vestiarios do recinto e acotamento de zoa de aparcamento para os participantes na proba, así como a presenza da Policía Local

durante a saída e chegada dos participantes na proba e a colaboración de Protección Civil co servizo de coche, quad e ambulancia durante o desenvolvemento do evento. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais autorizando ao Club BTT Trotacumes, o uso do Recinto de Fexdega, previa autorización dos responsables da Concellería de Promoción Económica, para a celebración da I PROBA BTT que se vai levar a cabo o vindeiro día 22 de outubro do presente ano, en horario de 8:00 a 14:00 horas.

Vista a citada resolución, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización da proba, conforme informe da Policía Local, a cal debería estar supeditada a que se presente antes da realización da proba, a autorización do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das correspondentes Comunidades de Montes, así como o cumprimento das condicións fixadas na citada Resolución.

Dar conta aos seguintes Departamentos aos efectos de que se preste a colaboración necesaria para o desenvolvemento da actividade:

- Departamento da Policía Local, a colaboración coa súa presenza durante a saída e chegada dos participantes durante o desenvolvemento da proba
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, cun coche ou quad, así como co servizo de ambulancia, durante o desenvolvemento da proba.

PRP2023/3401

Dáse conta do escrito presentado por Dona Carmen Dacobo Perez, solicitando o asfaltado da Rúa Torre de Guillán nas inmediacións do nº 41, por atoparse en mal estado o firme da vía, así como a colocación dun espello panorámico para mellorar a visibilidade deste tramo de rúa.

Visto o informe de Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que polo Departamento de Obras procedan á reparación do pavimento así como á colocación do espello solicitado para mellorar a visibilidade á saída deste tramo de rúa.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/3424

Dáse conta de escrito presentado por D. José Antonio Aragunde Dieste solicitando a instalación de bandas reductoras de velocidade e dun espello panorámico á altura do nº 10-12 da Rúa Marxión, co fin de evitar excesos de velocidade na zona así como facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen dos garaxes das citadas edificacións.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Remitir á Xerencia de Urbanismo (Enxeñeiro Técnico) a solicitude para a colocación das bandas reductoras.
- Autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios dos citados inmobles deberán colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2023/3581

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Akrocard 2000 SL para a impresión de 1.000 novas tarxetas para o programa Vaibús, por un importe total de 747,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22693.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3582

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o

orçamento presentado pola Empresa SERILUA MERCHANDISING SL para o subministro de 500 libretas e 500 bolígrafos coa imaxe corporativa do Concello para a súa distribución nos diversos eventos que se desenvolven dende a citada Área, por un importe total de 1.494,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 923.1668.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3584

Vista a solicitude de Dona Cheila Liliana Torralvo Costa Cadina, para instalación do espectáculo circense "Evolution Circus", do 19 ao 29 de outubro de 2023, na Explanada TIR, así como a colocación de cartelería que será retirada unha vez finalice o evento, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada na parcela municipal de O Ramal, debendo cumprir as seguintes condicións:

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
 - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate esta deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
 - A colocación de cartelería queda igualmente obrigado a limpeza dos elementos que utilice como suxección. A colocación dos carteis non restará visibilidade, nin a sinalización nin o tráfico, e non obstaculizará o paso dos peóns.
 - Deberán proceder á retirada da cartelería unha vez que remate a actividade que se autoriza.
- Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2023/3585

Dáse conta da publicación no DOG de 25 de setembro de 2023 da ORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e convócanse as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3583

O Concello de Vilagarcía de Arousa dispón de 298 puntos de subministro eléctrico para atender ás necesidades derivadas da súa actividade, polo que é necesario garantir o subministro continuado e ininterrompido de enerxía eléctrica a través dun comercializador inscrito e autorizado polo Ministerio de Economía e conseguinte redución de custes no mercado de electricidade.

O regulamento que regulará o prezo voluntario do pequeno consumidor está publicado no BOE-A-2023-14048, polo que dende o 01/01/2024 so persoas físicas ou microempresas poden acollerse a esta modalidade. As administracións públicas xa non poderán contratar desta forma. Os contratos que se tiveran subscrito terán vixencia ata a data de vencemento, nese momento se non tiveran novo contrato no mercado liberalizado serán abastecidos á tarifa de último recurso (TUR) que inclúe unha penalización do 20% sobre a facturación.

Polo tanto para evitar a penalización cabe a opción dun contrato ponte coa comercializadora actual dos subministros de máis de 10 KW, Gas Natural Comercializadora para cumprir co establecido co novo regulamento e evitar a penalización económica.

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público en relación co cambio de contratación de subministracións de electricidade, para cumprir co establecido co novo regulamento do PVPC (prezo voluntario para o pequeno consumidor), a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o cambio de contratación para evitar a penalización de 123.755,42 € ó ano, facendo un contrato ponte coa comercializadora actual dos subministros Gas Natural Comercializadora, co

fin de cumprir o establecido no citado novo regulamento.

PRP2023/3612

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do gasto correspondente á publicación de anuncios publicitarios a modo de resumo dos Fondos Europeos en Vilagarcía de Arousa (EDUSI - Vilagarcía Avanza), con cargo á partida 926.2269917, coa seguinte desagregación e adxudicatarios:

- La Voz de Galicia SA, anuncio de unha páxina, por importe de 1.730,30 e (IVE incluído)
- Faro de Vigo SAU, anuncio de unha páxina, por importe de 1.552,43 € (IVE incluído)
- Editorial La Capital SL - Diario de Arousa, anuncio de unha páxina, por importe de 931,70 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3614

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2023 de concesión de autorización a UFD Distribución Electricidad SA para obras de ampliación na rede eléctrica e instalar un centro de transformación de 160 kva na vía pública en Sobradelo/Rúa da Pereira.

Dáse conta do acordo adoptado en relación con este asunto polo Pleno da Corporación Municipal o día 28 de setembro de 2023, por unanimidade:

1- Que se fagan as xestións urxentes e necesarias para a suspensión da autorización da instalación dunha caseta no lugar do Outeiro en Sobradelo destinada a albergar un transformador de enerxía eléctrica, ata que se consensúe entre as partes unha ubicación definitiva.

2- Que se proceda á CONVOCATORIA dunha reunión URXENTE onde estean presentes: representantes da Asociación Outeiro, empresa autorizada da instalación, a empresa NATURGY e propietarios das fincas colindantes e técnicos municipais, co fin de atopar entre todas/os unha solución que satisfaga ás partes.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Suspender a autorización concedida o día 26 de xullo de 2023 a UFD Distribución Electricidad SA para instalar un centro de transformación na vía pública en Sobradelo/Rúa da Pereira, ata que se consensúe entre as partes unha ubicación definitiva.

2.- Convocar unha reunión urxente onde estean presentes: representantes da Asociación Outeiro, empresa autorizada da instalación, a empresa NATURGY e propietarios das fincas colindantes e técnicos municipais, co fin de atopar entre todas/os unha solución que satisfaga ás partes.

PRP2023/3615

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto do novo quiosco para substituír o existente na actualidade na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña-Praza de Galicia, de conformidade co proxecto remitido pola Organización ONCE e autorizar a substitución do mesmo.

RECURSOS HUMANOS

PRP2023/3528

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 3.850,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 17 ao 30 de xuño de 2023, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xuño
PARTIDO POPULAR G36573152	9	175,00	150,00 x 9 = 1.350,00 €	1.525,00 €

PSdeG-PSOE G36573277	9	175,00	150,00 x 9 = 1.350,00 €	1.525,00 €
BNG V36594372	2	175,00	150,00 x 2 = 300,00 €	475,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	175,00	150,00 x 1 = 150,00 €	325,00 €
T O T A L		3.850,00 €		

PRP2023/3529

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de xullo de 2023, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L		7.700,00 €		

PRP2023/3534

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno, Comisións Informativas, Mesas de Contratación e Xerencia de Urbanismo, do 1 ao 31 de agosto de 2023, por un importe total de 7.900,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €

RODRIGUEZ							
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	---	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	250,00 €
T O T A L							7900,00 €

PRP2023/3535

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de agosto de 2023, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L	7.700,00 €			

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/3556

Dáse conta da solicitude de axudas remitida á Consellería de Política Social e Xuventude pola Cocnellería de Área de Servizos Sociais, coa data de 26 de setembro de 2023, relativa á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal, ao abeiro da orde do 10 de agosto de 2023 para o curso 2023/2024 (procedemento BS420D), de acordo coas liñas de axuda:

LIÑA 1: Mantemento

LIÑA 2: Gratuidade atención educativa.

A Xunta de Goberno Local acorda dar a conformidade á solicitude de axuda realizada.

PRP2023/3570

Dáse conta de informe emitido pola Educadora Social, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor dos nenos/as da Escola Infantil Municipal do mes de agosto 2023:

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

Atención educativa: 9.898,87€

Comedor: 3.919,96 €

Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 22 de xullo de 2022 en concepto de:

Atención educativa: 962,60€

Inclúese o custo das prazas non ocupadas e dispoñibles para servizos sociais, que actualmente son dúas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acord aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación

municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de agosto de 2023, por un importe total de 14.781,43€, con cargo á partida 323.48007.

PRP2023/3579

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora, por importe de 15.000,00 €, para o desenvolvemento de actuacións no marco da atención de persoas maiores e/ou dependentes na Residencia - Fundación Asilo Hospitalillo durante o ano 2023, con cargo á partida orzamentaria 231.48002. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

PRP2023/3580

Dáse conta da 2º liquidación de 2023 en réxime de cofinanciamento do centros de día xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguinte importe: Centro de Día de Vilagarcía de Arousa (11 prazas): 13.750,000 €
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a súa aprobación e o recoñecemento de obriga con cargo á partida 231.22611.

PRP2023/3597

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores e ao abeiro da Orde do 6 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión social, emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social, e se procede a súa convocatoria para os anos 2023 a 2025 (cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS623C), a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención polo período 2023-2025 para:

- Programas dirixidos a inclusión social da poboación de etnia xitana: 46.383,56 €.

EMPREGO

PRP2023/3516

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por YANGYANG XU, NIE: X7493663X e domicilio de notificacións PRAZA INDEPENDENCIA Nº: 1 - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións asecfiscal@telefonica.net, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3517

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por FRANCISCO DAVID SERANTES FERREIRINHA , NIF: 35455726F e domicilio de notificacións RÚA EMILIA PARDO BAZÁN Nº: 4 PISO: 2ºB - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións asecfiscal@telefonica.net, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de

Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de MIL CINCOCENTOS VINTE E TRES, CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (1.523,71 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3518

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por LUCÍA AGRA BAÚLO, NIF: 35600679Z e domicilio de notificacións Rúa Conde Vallellano Nº: 11E - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións agranutricion@gmail.com, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CATROCIENTOS CATORCE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.414,88 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3519

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por RETRO ROCKET, NIF: E44659936 e domicilio de notificacións Rúa Romero Ortiz Nº 9 bj - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións contabilidad@mfasesoresconsulting.com, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3520

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por NICOLAS MICHEL ROBINSON PEITEADO PADILLA, NIE: Y5627852L e domicilio de notificacións RÚA MANUEL ANTONIO Nº: 12 – PISO: BJ - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións etres@etresasesores.com, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3521

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por VALENTÍN CAAMAÑO PAZ, NIF 35485446B e domicilio de notificacións Rúa Alejandro Carecedo N° 5 – PORTA 3 - VILAGARCIA DE AROUSA CP 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións laboral@mfasesoresconsulting.com, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3522

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por IRIA SOMOZA PAZ, NIF: 35488461J e domicilio de notificacións Rúa FARIÑA FERREÑO N° 28 BJ - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións centropodologicovilagarcia@gmail.com, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3536

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2023, presentada por DAVID AVILÉS MIRAMONTES, NIF 35485974X e domicilio de notificacións Rúa Covadonga N°: 1-3 – PISO: 1ºE - VILAGARCIA DE AROUSA CP 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España e dirección e-mail a efectos de notificacións ivl@admasesores.com, e tendo en conta que o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2023 Concello de Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2023/3565

Dáse conta de informe da Concellería de Promoción Económica, Área de Emprego, en relación co resultado da xustificación final da subvención concedida para a contratación de traballadores desempregados para a realización do servizo denominado SALVAMENTO E SOCORRISMO 2023. Dáse conta do certificado fin do servizo onde se reseña a cantidade subvencionada e ingresada pola Consellería de Promoción Emprego e Igualdade, a cantidade xustificada polo Concello e o remanente:

Subvención concedida pola Administración: 17.000,00 €

Subvención xustificada polo Concello: 17.158,06 €

Diferenza (remanente): 995,38 €.

A diferenza ou remanente de 995,38€ debe ingresarse mediante transferencia bancaria á conta do Tesouro da Xunta de Galicia no número de conta: ES82 2080 0300 8731 10063172, especificando "Remanente da subvención Expte. Nº. TR351A 2023/00000010-5", e deberá remitirse orixinal ou copia compulsada do xustificante bancario do pagamento á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social ou á correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se procede ao aboamento da cantidade correspondente ao remanente da subvención concedida.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/3588

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados por Espacio do Lector SL (Liberaría Arousa), para compra de materiais bibliográficos, con cargo á partida 3321.22001:

- Orzamento por importe de 324,48 € (IVE incluído)

- Orzamento por importe de 51,27 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/3530

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto correspondente a subministro de tornillería, brocas e bridas destinadas á realización de estrutura de madeira tipo pérgola para zona expositiva do evento "Vilagarcía Cidade de Libro 2023", así como o recoñecemento de obriga a favor da Empresa CASTROMAN I SL por importe de 185,35 €, con cargo á partida 2314.22699.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/3542

O día 18 de setembro de 2023 a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos

establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.177,30 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, de acordo coa base 4.1 das bases, a Xunta de Goberno Local acorda conceder unha axuda por importe de 9.177,30 €, con cargo á partida 1720.489 á Comunidade de montes de Trabanca Badiña con CIF V 36301828 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2023/3545

O día 18 de setembro de 2023 a CMVMC de Guillán presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMVMC de Guillán presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Roza de penetración en rúas na mouteira 1 (formada por unha masa de PIÑEIRO procedente de rexeneración espontánea), cunha superficie de actuación de 18,9012 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha masa de PIÑEIRO procedente de plantación), roza de penetración en rúas nunha superficie de 1,4922 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.177,03 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, de acordo coa base 4.1 das bases, a Xunta de Goberno Local acorda conceder unha axuda por importe de 9.177,03 €, con cargo á partida 1720.489 á CMVMC de Guillán con CIF V 36436319 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2023/3546

O día 18 e 22 de setembro de 2023 a Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta de rexeneración espontánea onde abunda o EUCALIPTO), levarase a cabo unha roza mecanizada con rozadoira de martelos, para a eliminación dos restos de rama e das cepas presentes trala tala do arborado, nunha superficie de 0,61 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha masa de brotes novas de EUCALIPTO), roza de penetración en rúas, roza manual selectiva baixo arborado, rareo manual en rexenerado de arborado sen aproveitamento comercial e eliminación de restos nunha superficie de 0,20 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa mixta adulta con presenza de PIÑEIRO, CARBALLO e EUCALIPTO), roza manual selectiva baixo arborado, rareo manual en rexenerado de arborado sen aproveitamento comercial e eliminación de restos nunha superficie de 0,84 ha.
- Na mouteira 4 (formada por unha masa mixta adulta con presenza de PIÑEIRO e EUCALIPTO), roza de penetración nunha superficie de 6,18 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 6.020,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, de acordo coa base 4.1 das bases, a Xunta de Goberno Local acorda conceder unha axuda por importe de 6.020,00 €, con cargo á partida 1720.489 á Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa con CIF V 36187409 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2023/3557

O día 18 de setembro de 2023 a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de

actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

